

Contabilidade trimestral COMUNICADO


A CONTABILIDADE TRIMESTRAL OFRECE POR VEZ PRIMEIRA ESTIMACIÓNS DENDE A PERSPECTIVA DA DEMANDA

A Contabilidade Trimestral, coincidindo coa presentación das estimacións do cuarto trimestre de 2003, proporciona series trimestrais dos principais agregados da demanda: gasto en consumo final dos fogares, gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF, formación bruta de capital, exportacións e importacións. Estas series, ó igual que os agregados dende a óptica da oferta, preséntanse a prezos correntes e constantes (base 95) e en termos de: datos brutos, corrixidos de efectos estacionais e calendario e de ciclo-tendencia.

A elaboración do cadro macroeconómico trimestral dende a perspectiva da demanda permite a integración de forma coherente de información estatística que non estaba recollida no cadro trimestral de oferta. Esta nova información posibilita a realización dunha análise da conxuntura galega máis completa.

Esperamos que esta nova información sirva como instrumento para profundar no desenvolvemento e coñecemento da análise de conxuntura da nosa Comunidade.

No seguinte gráfico podemos observar a achega da demanda interna e externa ó PIB:



O PIB da economía galega creceu un 2,7% no cuarto trimestre de 2003.

O PIB da economía galega, medido en termos de ciclo-tendencia, creceu un 2,7% no cuarto trimestre de 2003 con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior, o que supón unha aceleración de dúas décimas con respecto ó crecemento rexistrado no trimestre anterior. A achega da demanda interna ó crecemento do PIB foi do 3,9%, igual á do trimestre precedente xa que a leve desaceleración que rexistrou o gasto en consumo final dos fogares viuse compensada polo maior aumento no gasto en consumo final das administracións públicas e institución sen fins de lucro ó servizos dos fogares e da formación bruta de capital. A achega negativa do sector exterior reduciuse en dúas décimas ó intensificarse o crecemento das exportacións de bens e servizos e reducirse o das importacións, quedando situada no cuarto trimestre en -1 punto porcentual.

Dende a perspectiva da oferta, o repunte da actividade afectou ás ramas agraria, pesqueira e de produtos industriais mentres que as ramas de produtos enerxéticos e a construción experimentaron unha desaceleración e as de servizos permaneceron estabilizadas no seu ritmo de crecemento.

O PIB da economía galega creceu un 2,4% en 2003.

O PIB da economía galega creceu un 2,4% en 2003 superando en medio punto o rexistrado no ano precedente. O ano 2003 caracterizouse pola aceleración no ritmo de crecemento económico, pola creación de emprego e pola importante redución das tensións inflacionistas. A achega da demanda interna, un 3,7%, superou á do ano anterior mentres que a achega da demanda externa foi medio punto inferior á de 2002 quedando situada en -1,3 puntos porcentuais. Á recuperación da demanda interna contribuíron tódolos seus compoñentes mentres que a demanda externa caracterizouse por un crecemento das exportacións e importacións con respecto ó ano precedente, sendo maior o ritmo de crecemento das importacións.

Dende a óptica da oferta e con respecto ós crecementos de 2002, apreciouse un mellor comportamento nas ramas de produtos enerxéticos, construción e servizos, mentres que as ramas agraria e pesqueira e as de produtos industriais mostraron unha taxa de crecemento inferior á do ano anterior.

Contabilidade trimestral de Galicia. Base 1995 cuarto trimestre de 2003

Producto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos constantes de 1995

Ciclo-tendencia. Taxas de variación interanual

Operacións	2003	2003			
		Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Gasto en consumo final	3,3%	3,1%	3,3%	3,4%	3,3%
-Gasto en consumo final dos fogares	3,1%	2,8%	3,1%	3,2%	3,1%
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	4,0%	3,9%	3,9%	4,0%	4,1%
Formación bruta de capital	3,3%	2,9%	3,3%	3,4%	3,5%
Demanda interna ⁽¹⁾	3,7%	3,4%	3,7%	3,9%	3,9%
Exportacións de bens e servicios	6,5%	5,4%	6,3%	6,9%	7,2%
Importacións de bens e servicios	7,0%	6,2%	7,0%	7,4%	7,3%
PRODUCTO INTERIOR BRUTO a prezos de	2,4%	2,1%	2,3%	2,5%	2,7%
Ramas agraria e pesqueira	-3,9%	-5,6%	-5,5%	-4,0%	-0,3%
Ramas enerxéticas	3,5%	3,1%	4,2%	3,9%	2,8%
Ramas industriais	2,0%	1,6%	1,8%	2,1%	2,4%
Construcción	4,1%	3,8%	4,2%	4,3%	4,1%
Ramas dos servicios	2,5%	2,4%	2,6%	2,6%	2,6%
- Servicios de mercado	2,1%	1,9%	2,1%	2,2%	2,2%
- Servicios non de mercado	3,9%	3,9%	4,1%	4,1%	3,7%
Impostos netos sobre os produtos	3,8%	3,4%	3,8%	3,9%	4,1%

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

⁽¹⁾ Achega ó crecemento do PIB pm.
2003 avance

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
 e-mail: ige@xunta.es